

A REDE DE ATENCIÓN TEMPERÁ

A Xunta Directiva da Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), na súa última reunión, celebrada o 22 de setembro de 2018, acordou aprobar e remitir ao Presidente da Xunta de Galicia, Consello Autonómico de Atención Temperá, Parlamento de Galicia e FEGAMP, así como aos nosos socios o seguinte informe sobre a situación da Rede Comunitaria de Atención Temperá¹.

- 1) Na última década AGAT, xunto con outras entidades, ten cooperado estreitamente coas administracións públicas no obxectivo de actualizar o modelo de Atención Temperá e recuperar o retraso histórico da nosa comunidade respecto doutras autonomías. A extensa casuística e avaliación de procesos realizada polas unidades piloto de AGAT² grazas aos sucesivos convenios coa Xunta de Galicia, a colaboración no Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá, e a formalización do Protocolo de Coordinación³ entre os servizos sanitarios, educativos e sociais (2014), inscríbense nesa traxectoria.
- 2) Sen embargo, debemos lamentar, o escaso esforzo inversor e normativo que se ven producindo na vixente lexislatura e que está a incrementar a distancia entre Galicia e o resto das Autonomías. Autonomías que, conscientes da transcendencia da prestación, nos últimos anos, en moitos casos, duplicaron o esforzo inversor. Así, os datos actualizados de recursos dedicados á Atención Temperá de proximidade para os nenos e nenas de 0 a 6 con problemas evolutivos sinala a día de hoxe unha situación comparativa moi desfavorable.

Ano datos	CC.AA.	Nº nenos/as 0-6 Proxección 2017	Gasto anual € ⁴	Inversión neno/a/ano
2018	ANDALUCÍA	494.167	28.800.000 €	58 €
2018	ARAGÓN	67.591	5.700.000 €	84 €
2016	BALEARES	62.800	2.800.000 €	44 €
2018	CASTILLA-LA MANCHA	109.844	7.500.000 €	68 €
2017	CATALUÑA	443.075	40.332.000 €	91 €
2018	C. VALENCIANA	259.829	12.400.000 €	47 €
2018	GALICIA	116.675	1.715.000 €	14 €
2018	MADRID	385.803	11.200.000 €	29 €
2017	MURCIA	94.967	4.586.775 €	48 €
2018	NAVARRA	36.348	2.700.000 €	74 €
2016	RIOJA (LA)	16.889	1.200.000 €	71 €


Segundo estes datos para aproximarse á media nacional Galicia debería contar xa hoxe cunha inversión en torno aos 6-7 millóns de euros

¹ Decreto 183/2013, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá

² Ver memorias de actividades das UDIAF do Deza, Salnés e Bergantiños (2009-2017)

³ <http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/protocolo-de-coordinacion>

⁴ En servizos comunitarios concertados de entidades e concellos, excluídos servizos educativos e sanitarios



- 3) Estas carencias teñen reflexo na escasa extensión da rede. Trinta anos despois de que se creara o primeiro servizo de proximidade (A Pobra, 1987), de 314 concellos, tan so 92 contan cos Servizos de Atención Temperá⁵ que marca o Decreto de 2013, pero a maioría non teñen claridade sobre o seu futuro. Así, por exemplo, os últimos 6 servizos creados⁶ veñen de ser subvencionados por dous meses (do 1 de Setembro a 31 de Outubro de 2018). E o resto funciona con subvencións periódicas por meses (programa operativo FSE 2014-2020), ou por convenio renovable anualmente (AGAT), sen que a día de hoxe teñamos noticia algunha sobre as previsións de futuro da administración autonómica



⁵ Centros de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá segundo o artigo 10. 2.a do Decreto 183/2013

⁶ [RDE do 27 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 \(código de procedemento BS700A\).](#)



A pobreza da extensión e a imprevisión no financiamento da REDE ten como consecuencia, entre outras⁷, que os servizos estean suxeitos a unha situación de continua inestabilidade profesional, inseguridade en canto ao seu futuro, fallas na estabilidade e formación dos equipos, limitacións na coordinación e creación de sinerxias cos recursos das súas comarcas, e moitas dificultades para coidar e afondar os procesos fundamentais de vinculación e cooperación cos nenos e coas familias que implica a Atención Temperá.

Cremos que precisamos con urxencia un Plan de consolidación e de extensión da REDE de Atención Temperá, e un sistema estable de financiación con fondos propios, que proporcione aos equipos a seguridade que precisa a súa actuación, e que valore a actividade profesional acorde co nivel de formación esixido (obrigatoriedade do posgrao)

- 4) As carencias no desenvolvemento normativo, producen que A REDE aínda non teña un sistema regulador das instalacións e dotación equilibrada dos equipos conforme a unha planificación rigorosa de necesidades⁸. Desde xeito esta á suceder que un mesmo número de profesionais (o mínimo de 3 que forma cada equipo) atendan por igual unha comarca de 10.000 que unha de 100.000 habitantes. A consecuencia é a existencia de comarcas sen medios, comarcas con exceso de medios e comarcas con sobrecarga asistencial, as veces insostible. Existen no momento actual comarcas con listaxe de espera e con demoras na primeira consulta superior aos 50 días, superando o estándar internacional de 30 días máximo de demora nunha atención que debe ser precoz.

Consideramos que é imprescindible desenvolver unha Orde que concrete o Decreto 183/2013 no referido a acreditación dos servizos e as súas dimensións. AGAT propón que conforme a estándares profesionais contrastados as horas de servizo se calculen en relación á poboación diana que se debe protexer, se impidan as listas de espera e se regulen os tempos máximos de demora asistencial.

- 5) Esta Orde debería tamén dotar dun soporte informático unificado aos servizos. Debemos recordar que AGAT fixo entrega gratuíta hai máis de dous anos á empresa INDRA e á Xunta de Galicia do programa informático que creamos para as nosas unidades sen que ata a data se concretara ningún produto para facilitar a xestión e avaliación unificada dos centros. Polo contrario a normativa de subvencións estableceu condicións⁹ absurdas para ao trámite e xustificación da actividade dos servizos, obrigando aos profesionais a dedicar unha parte inestimable do seu tempo en papeleos innecesarios.

AGAT reitera que para facilitar unha prestación tan complexa como a Atención Temperá é imprescindible un software actualizado e profesional de xestión.

⁷ Non imos abundar aquí sobre as consecuencias sobre a detección precoz, conciliación familiar, estrés, asistencia as escolas da contorna, etc., que son sobradamente coñecidas.

⁸ Planificación para que tanto AGAT como a Federación estatal de profesionais teñen achegado datos suficientes. (Ver por exemplo o documento da AGAT (2016) [UDIAFS. Servizos comunitarios de AT](#))

⁹ [Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciada polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 \(DOG núm. 126, do 05/07/2016\)](#)



- 6) A complexidade e implicación na Atención Temprera dos servizos sociais, educativos e sanitarios debería dar lugar a una dinamización e coordinación dende a Comisión Técnica e o Consello Autonómico de Atención Temprera, creados polo Decreto xa citado. AGAT ten que lamentar a inactividade destes organismos administrativos, a desaparición na EGAP do Plan de Formación en Atención Temprera (despois das edicións 2015 e 2016) e a falla de continuidade da Axenda de Atención Temprera 2015-2017, con moitos dos seus obxectivos e liñas de actuación incumpridas.

Debería restablecerse o Plan de Formación Anual e actualizarse a Axenda de Atención Temprera para 2018-2020 coa participación das entidades interesadas. E sería recomendable que a Xunta de Galicia creara un organismo administrativo específico, polo menos co rango de Xefatura de Servizo, dedicado plenamente ao desenvolvemento, xestión, coordinación e avaliación da REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

A Atención Temprera é un sistema de apoio que produce cuantiosos retornos persoais, sociais, educativos, laborais e finalmente, económicos¹⁰¹¹. Non é unha prestación de beneficencia, é unha aposta intelixente para un futuro mellor e máis próspero para todos os nosos fillos e fillas. Esperamos que entre todos, administracións, organizacións políticas e sociais, familias e profesionais sexamos capaces de poñer en pé esta REDE de apoio á infancia que Galicia necesita

Setembro 2018

Asociación Galega de Atención Temprera

Asinado: Presidenta Teresa Busto Domínguez

[URL://atenciontemprana.com](http://atenciontemprana.com)

Correo: agat@atenciontemprana.com

Teléfono: 698124611

Domicilio: Carmen 39-41, 2º Esq., 15402 Ferrol

¹⁰ [The Lancet \(2016\). Advancing Early Childhood Development: from Science to Scale](#)

¹¹ Garcia, J. L, Heckman, J. (2017), The Life-cycle Benefits of an Influential Early Childhood Program. [Research Summary](#)